



CASO PRÁCTICO DE TDAH

DATOS DO ALUMNO:

Pedro é un neno que está cursando 5 de educación primaria.

Pedro ten 10 anos de idade e conta con un diagnóstico de TDAH.

Actualmente podemos salientar as seguintes características de Pedro:

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS:

- Ten problemas de **atención** incluso en actividades de lecer.
- Se distrae con facilidade ante calquera estímulo.
- Ten importantes dificultades para organizar as tarefas, os materiais, os traballos no caderno.
- Con frecuencia perde cousas: material escolar, roupa,...
- Non remata as tarefas no tempo estipulado
- Evita tarefas que requiren un esforzo mental sostido.
- Presenta unha **excesiva actividade motora**.
- Levantase da cadeira durante as clases.
- Frecuentemente permanece mal sentado na súa cadeira: balancéase, escúrrese,...
- Fai ruídos coa boca e coas mans.
- Fala excesivamente.
- Semella que fala “sen pensar”
- Semella que actúa “sen pensar”
- Non respecta quendas de palabra nin quendas de fila.
- Contesta de forma precipitada incluso antes que se remate de formular a pregunta.
- Métese en conversas e discusións de outros.



2. **COEFICIENTE INTELECTUAL:** mostra un coeficiente intelectual normal, adecuado para a súa idade.
3. **CARACTERISTICAS MOTORAS:** presenta unha actividade motriz excesiva, movemento constante de mans e pes, tende a levantarse constantemente; caracterízase por ser moi impulsiva.
4. **LINGUAXE:** non presenta grandes dificultades.
5. **FORTALEZAS:** Pedro pode pasar horas xogando os videoxogos ou diante dun ordenador ou dispositivo electrónico.
6. **TRABALLO NA AULA.** A coordinación do seu titor cos especialistas de AL e PT a través de metodoloxías como o aprendizaxe cooperativo dentro da aula ordinaria permitiu que a neno fose demostrando o dominio dos coñecementos curriculares e mellorando así o seu autocontrol, ademáis adaptan os materiais para cada tarefa contando coas dificultades que Pedro presenta. A PT traballa con Pedro tanto dentro da aula como fóra da mesma e ofrécelle pautas de autocontrol

TRABALLAMOS SOBRE O CASO PRESENTADO:

- **Como adaptariades un “exame de editorial” ás características de Pablo?**
- **Expoñede outros instrumentos de avaliación que se poderían empregar co neno.**